Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

Estimadas lectoras, estimados lectores destas páxinas, benvidas/os a este cordial encontro literario, no que lle damos voltas con ollos que queren ser cristiáns ao que vai pasando polo mundo adiante.

1.- Seguimos en guerra abominable

Empezo a escribir esta Crónica de Igrexa o 15 de xuño, xustamente o día no que se anuncia o enésimo acordo de paz entre EEUU e Irán, con 60 días polo medio para verificación e concreción, que oxalá non remate en nada como tantos outros anteriores.

Segue a masacre en Gaza, en Cisxordania, no Líbano por parte de Israel; continúa bombardeando, arrasando, matando sen censura, sen límite, abusando dun poder militar sustentado por intereses económicos, armamentísticos que controlan as decisións do mesmo EEUU deixando case en ridículo a quen di ter a tixola polo mango, o presidente Trump.

Resulta ben incomprensible todo canto está pasando a nivel de política estadounidense, especialmente esta ruptura coa lóxica de certa mesura e contención coa que ata o de agora viña actuando, iso si, sen agochar nunca de todo o seu afán de poder, de control, de vasalaxe. O que EEUU está facendo con Cuba supera todo o inimaxinable: con que dereito un país pode prohibir a outro ter relacións comerciais con terceiros países, para se abastecer do que é necesario para a súa supervivencia? Con que dereito humano provoca a fame, a enfermidade, a morte,

porque non lle gusta como se constrúe, con que outros países se trata? E case o peor é que non hai voces internacionais que condenen con contundencia este trato, e que vexan niso razóns abondas para se desmarcar das relacións, da influencia dun país que, por riba, actúa así presumindo de ser pouco menos que as mans de Deus para amañar o mundo.

Hai poucos días, lendo o número 589 da revista *Militante. Mundo Rural*, dentro dun artigo de Castor Bartolomé (páxinas 16 e 17), atopei estes dous parágrafos que comparto, vertidos ao galego, cos nosos lectores, porque me parecen que atinan na análise de fondo de moito do que a grande escala nos está sucedendo:

> A influencia de Palantir (empresa tecnolóxica) e dos seus dirixentes, en particular Peter Thiel, no actual goberno de Trump é moi alta. Peter Thiel é un calvinista reformado fanático, que cre que a era atómica lle tendeu unha trampa a Occidente e, facendo unha relectura bíblica fundamentalista, afirma que a ameaza da destrución total, que sería o Armaxedón, xustifica a regulación e vixilancia da IA.
>
> Sirva esta breve alusión ao manifesto de Palantir para acender as nosas alertas en relación coas novas distopías tecnofascistas de vixilancia total. Distopías que, poñendo en dúbida o humanismo democrático e os dereitos humanos, que consideran decadentes, pretenden impoñer unha lóxica belicista do poder do máis forte. Neste senso, pretenden substituír as actuais institucións democráticas e o propio Estado de dereito por unha xestión de vixilancia corporativa das poboacións a grande escala, servíndose para iso do poder das novas tecnoloxías, en particular das diferentes versións da IA.

2.- *Magnifica humanitas* (Magnífica humanidade)

Así titula o papa León XIV a súa primeira carta encíclica que se publicou o 25 de maio do 2026, aínda que xa fora asinada o 15 do mesmo mes, xustamente o mesmo día e mes no que 135 anos antes o papa León XIII publicara a *Rerum novarum* (das novas realidades), a encíclica que puxo os fundamentos sobre os que logo se iría montando a «doutrina social» da Igrexa católica.

Está claro que en calquera dos dous casos os títulos que

encabezan o escrito están coidadosamente escollidos. Había «realidades novas», sucesos moi significativos ao redor do mundo laboral, que abrían uns tempos novos en 1891, e estase a abrir unha nova etapa histórica ao redor da IA (intelixencia artificial), ante a que cómpre velar pola «magnífica humanidade», non vaia ser que sucumba baixo as poutas dunha intelixencia artificial non regulada, ou soamente regulada pola súa significación en termos de dominio económico e de construción humana desde o poder dominador duns poucos individuos e/ou colectivos minoritarios.

O papa León XIV rompeu certa imaxe primeira de timidez –lóxica timidez prudente de quen comeza mandato– primeiro non dubidando en contradicir discursos, intencións e prácticas do presidente da súa nación de orixe, ata o punto de afirmar que non lle tiña ningún medo a Trump.

E agora supera esa aparente timidez ofertándonos un texto ao meu modo de ver marabilloso, centrado no asunto da IA, que probablemente moi poucos esperabamos; e ao telo xa nas mans se caemos na conta de que a IA realmente é algo que vai marcar época, e ante o que é urxente estar alerta para evitar precisamente ver engulida a nosa «magnífica humanidade» pola capacidade creativa da mesma. Neste senso é unha encíclica certeira, desveladora, reveladora, que deberá ser motivo de lectura e estudo por parte de quenquera que se aprecie a si mesmo e os demais como persoas humanas.

O escrito é dunha claridade meridiana, cunha linguaxe sinxela e fonda a un tempo, que nos leva da man e do corazón a todo o mundo que hai e pode haber ao redor desa creación humana da IA. Neste número da revista atopará o lector bos estudos para a comprensión da súa transcendencia. A eles nos remitimos.

3.- Unha semana de entusiasmo con León XIV en España

Seguro que non a todo o mundo lle gustou esa presenza desbordante do papa en España. Houbo políticos que non asistiron ao seu discurso nas Cortes porque non entendían que pintaba un líder relixioso alí, no

principal espazo dun estado non confesional. Habería moita xente que se sentise incómoda con tanto papa para riba e para baixo. Pero o certo é que, erguido polos medios de comunicación que se afanaron na retransmisión de todos os andares e dicires e dos actos, multitudinarios ou non, nos que participaba como figura estelar, o papa foi esperado, acompañado e despedido con verdadeiro entusiasmo e agradecemento por unha parte moi considerable da poboación española.

O lema da viaxe foi un suxestivo «Alza a mirada», quizais invitándonos xa a saír da rutina diaria dos pensamentos, palabras, feitos, soños, e alentándonos á renovación, á creatividade, a non consentir con que todo siga igual, sobre todo se non nos convence como van as cousas, as vidas, a marcha da sociedade, do mundo do que formamos parte. Alza a mirada, percibe outras olladas, percibe mesmo a ollada solidaria de Deus sobre ti, a ollada da túa pobreza, das pobrezas alleas…, quen sabe!

Chegou a media mañá do 6 de xuño; visitou os reis no Pazo Real; acolleuno o rei cun discurso apropiado e contestou o papa con palabras cálidas, suxestivas. Igual nos paga a pena, en horas de lecer, reler estes discursos duns e doutros, que non sempre saben a palabras ocas, e nos que pode pasar, pasa, que cadaquén saca o máis nobre e limpo que leva no seu corazón. Por parte do papa temos 12 discursos, 5 homilías e 5 saúdos, a máis das respostas dadas ás persoas que nos diferentes actos se dirixiron a el, a todos, compartindo realidades da súa vida. É moi doado facerse con estes escritos papais de forma gratuíta.

Pola tarde o papa visitou o centro CEDIA de Cáritas madrileña, onde 70 voluntarios atenderon o ano pasado 2.500 persoas, ofrecéndolles os servizos básicos, acompañamento social, axuda para a incorporación laboral… O papa aplicoulles o lema da viaxe: «Deixádevos interpelar pola ollada de quen necesite a vosa axuda e acollédeos na caridade de Cristo».

Parece que nas viaxes do papa estas visitas seleccionadas con toda intención son máis importantes case que os inevitables encontros protocolarios.

Nesta viaxe a España haberá outros encontros significativos: o que tivo o luns 8 de xuño cun grupiño de vítimas de abusos sexuais no seo da Igrexa (encontros que outras vítimas viviron con protesta por se sentiren excluídas); a visita realizada en Barcelona á prisión Brians 1, onde o papa respondeu ás comunicacións de dúas presidiarias, Montse e Xosefina, con palabras de alento, porque «o pasado non condena o futuro», e sempre se poden cambiar as eleccións e as decisións. O encontro coas realidades de caridade e asistencia diocesanas na parroquia barcelonesa de Santo Agostiño en Barcelona. E tamén o encontro na illa de Tenerife o venres 12 con persoas marcadas polo sufrimento da emigración e coas que traballan na súa integración. Encontros cálidos todos eles, entre o si e o non da vida moitas veces.

Polo demais, volvendo a Madrid, tanto a vixilia de oración coa mocidade na praza de Lima, ás 8:30 da tarde do sábado, como a misa do Corpus en Cibeles ás 10 da mañá do domingo 7 –1,5 millóns de asistentes– («ninguén pode axeonllarse diante do Señor e desprezar o irmán»), como o encontro da tarde dese día para «Tecer redes co mundo da cultura, da arte, da economía e do deporte», como o mesmo encontro do luns 8 no Santiago Bernabeu coa comunidade diocesana, estiveron marcados por unha moi coidada organización, por unha exquisita e atinada escolla e execución de música, cantos, bailes, e por un clima de respecto, de acollida, mesmo de devoción, que no papa tiña sempre o epicentro, aínda que el mesmo se encargase de devolver méritos a quen ían entrando en diálogo con el por diferentes razóns, e en conxunto polo «golazo» que marcara nestas xornadas a Igrexa de Madrid moi ben coordinada polo cardeal Xosé Cobo.

Cadaquén puido quedar impresionado por tal ou cal cousa da presenza do papa en España. Persoalmente gardei na memoria e no corazón o breve e denso discurso de Antonio Banderas, falando da arte. Nada máis escoitalo, compartín sentimentos na rede dicindo: «Impresionante a comunicación de Antonio Banderas ante o papa. Que precioso regalo!» E houbo quen deseguida me contestou:

«Absolutamente magnífico. Do mellorciño que levo oído en moitos anos». Quen me dese sentirme tamén así, de verdade «Vítima do feitizo de Deus»!

Polo medio o papa xuntouse o domingo 7 cos seus compañeiros da orde de santo Agostiño, e o luns 8 co presidente do Goberno, cos membros da C.E.E, cunha representación do amplo voluntariado, pero o encontro máis significativo foi o mantido o luns 8 ás 10:30 da mañá no Congreso dos Deputados. Quen teña lido a encíclica *Magnifica Humanitas* verá que as palabras do papa recollen no seu discurso as liñas básicas do seu pensamento. Foi especialmente significativa a súa insistencia en deixar de lado a polaridade, cousa ben acaída para o Parlamento concreto que hoxe temos e escoitamos cada día. Todos aplaudiron a rabiar durante sete ou dez minutos, intentando convencernos de que o papa era da súa corda, pero na seguinte sesión do Parlamento o que mandou de novo foi a polarización máis simple e mesmo cutre. «*Ubinam gentium sumus*!», diría de novo con razón e pesar o orador e político romano Cicerón: «Entre que xente estamos!»

E agora estamos xa en Barcelona, a onde chegou o papa o 9 de xuño. Aquí o guieiro é o cardeal José Omella. Desde o aeroporto diríxese á catedral para o rezo de Sexta. Ás 8:30 da tarde celebrouse a Vixilia de Oración coa mocidade no Estadio Olímpico Lluís Companys coa asistencia de 40.000 persoas. Presentación de varios testemuños de xente nova, respostas do papa que cerrará cun discurso no que anima a non deixarse envolver polos momentos de escuridade da vida. Falando das noites da vida, e respondendo a quen se preguntaba por que Deus permite iso, o papa, superando respostas habituais ao respecto, afirmou: «Non podemos atribuír a Deus o que foi confiado á nosa responsabilidade; non podemos imaxinar a Deus que desde o alto responda ás nosas necesidades de modo automático ou impida milagrosamente que o mal suceda.» Non faltou un espléndido e simbólico *castell*».

Xa no 10 de xuño visita pola mañá o centro penitenciario Brians 1, e pola tarde as realidades de caridade e asistencia da parroquia de Santo Agostiño, cousas das que xa falamos. O forte deste día foi a visita ao

santuario de Montserrat, onde rezou o rosario coa xente asistente; encomendoulle á Moreneta o seu servizo petrino e a misión da Igrexa no mundo, entre o que está a consecución da xustiza e da paz. Retomou o tema frecuente nel de «desarmar» as palabras e a vida «coa forza desarmada e desarmante do amor».

Xa pola tarde, ás 7,30, na basílica da Sagrada Familia, en Barcelona, misa e logo a bendición da torre de Xesús, 172,5 m de altura. Remátase case a construción dunha basílica empezada xa en 1882, inaugurada no seu conxunto por Bieito XVI en 2010. Un non sabe que admirar máis: a grandeza da basílica e da torre, a fe e o enxeño artístico de Gaudí, a clarividencia da nena cega, Valentina, 13 anos, que lle explica ao papa e aos reis minuciosamente a forma e sentido da torre de Xesús, o desenvolvemento da celebración, as sopesadas palabras do papa advertindo que a basílica conforma os fieis «nunha familia amada polo Señor, alimentada pola súa propia vida na Eucaristía», a teimosía catalá por normalizar a súa lingua desde o primeiro momento en que o papa pisa o país.

Todo isto afogou a amarga e igual razoable queixa de quen criticaba tanto gasto estéril nun templo, cando millóns de seres humanos morren sen pan e sen menciñas. Si, pero tamén é certo que non soamente de pan vive o ser humano, aínda que o pan é o primeiro imprescindible para poder selo.

O que fora a razón primeira da viaxe a España (xa co papa Francisco), a visita a Canarias, foi o último que levou a cabo o papa León XIV, durante os días 11 e 12 de xuño. Todo empezou no porto de Arguineguín, lugar a onde adoitan chegar os caiucos coas súas cargas de inmigrantes. Preto das 12 deuse alí un encontro no que participaron un capitán de salvamento marítimo, unha voluntaria de Cáritas, unha inmigrante nixeriana, substituída por razóns de seguridade por outra muller tamén inmigrante, e outra inmigrante que conseguira asentarse e desenvolverse nas illas.

Cadaquén no seu, os testemuños foron fortes, significativos. Contestou o papa cun sentido discurso, sementado de

frases moi interpelantes: «Queridos inmigrantes, antes de lles dicir calquera outra palabra, quero inclinarme ante a súa dignidade». «Este drama débese converter en exame de conciencia para as nacións de orixe, […] para as nacións de tránsito, […] para Europa, que non pode proclamar a dignidade humana e afacerse a que o Mediterráneo e o Atlántico sexan cemiterios sen lápidas». «Cada barca que chega non trae só migrantes, trae consigo unha pregunta: que mundo fomos construíndo, se tantos irmáns teñen que arriscarse a morrer para buscar vida?».

Logo, o papa tivo un encontro na catedral de Santa Ana con bispos, cregos, diáconos, relixiosos/as, seminaristas e axentes de pastoral, no que o papa respondeu á presentación do estado da diocese cun discurso no que acentuou a necesidade de abrazar a luz de Cristo e a cultivar a espiritualidade eucarística.

E ás 7:30 do serán celebrou misa no estadio de Gran Canaria ante 40.000 persoas. No día 12 celébrase na Igrexa a festividade do Sagrado Corazón de Xesús, de aí que xa nas súas vésperas insistise nesta fonte de amor para motivar a prácticas de caridade que «non debe de ser simple axuda asistencial, senón integrar as persoas, para a súa plena realización –espiritual, intelectual e física–».

E xa o 12, en Tenerife, dous momentos tamén cheos de emoción: ás 9:30 o encontro cos migrantes e coas realidades de integración no centro de acollida «Las Raíces», polo que desde que abriu teñen pasado máis de 54.000 persoas: «Un punto de encontro, un espazo onde confl úen traxectorias vitais complexas e onde ofrecemos, desde o institucional e o humano, unha primeira oportunidade», así describía a función do centro o seu director Ernesto Mayoral, o terceiro en falar despois do bispo diocesano Eloy Santiago e a ministra de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, Elma Saiz. Logo falaría Taiwo Oluwatobi: «Nós vimos con soños sinxelos: traballar, coidar a familia e vivir con dignidade. […] Grazas por lle recordar ao mundo que somos persoas.» E tamén Bousso Diouf: «Non pedimos compaixón. Pedimos respecto, humanidade e a oportunidade de vivir con dignidade». A todos eles contestaría o papa con pala-

bras que se poderían resumir así: «Vendo as súas facianas, escoitando os seus testemuños, penso tamén nos seus corazóns, feridos por tantas dificultades e tamén consolados polo amor recibido grazas a outros corazóns abertos, xenerosos e misericordiosos».

Aínda tería tempo o papa para participar nun encontro con axentes de pastoral en *La Laguna*, no que, respondendo ao saúdo do bispo, pronunciou un discurso insistindo, con atinadas variacións, na súa maneira de ver toda a realidade da emigración: «A acollida abre a porta; a integración axuda a cruzar a soleira. A asistencia coloca bálsamo na ferida e a integración reconstrúe o futuro.»

Por último, o papa concluíu a súa viaxe a España celebrando a Eucaristía no porto de Santa Cruz de Tenerife ante 35.000 fieis. Foi insistir no xa vivido, celebrado, compartido. Poderiamos rematar o punto desta Crónica, coas mesmas palabras coas que o León XIV concluíu a súa homilía: «Abran a todos un mar de amor! É o meu desexo e a miña oración para vostedes e para todos aqueles que atopen no seu camiño».

O sábado seguinte, 5 de xullo, León XIV retomaría a realidade da inmigración na súa visita a Lampedusa, lembrando e potenciando o que o papa Francisco fixera profeticamente hai 10 anos. Ante tanta animadversión cara ao inmigrante, todo se volve pouco.

4.- Da euforia á realidade

Certamente León XIV deixou unha pegada de optimismo nas persoas de España con máis ou menos vinculación eclesial. E iso é cousa boa. Para toda esa xente, entre a que nos atopamos, é agora a hora de retomar a mensaxe recibida, con resonancias claras e directas, e converter tanta palabra boa e tanto sentimento positivo en accións axeitadas. Os enunciados, en vida. Porque a realidade está aí cos seus trazos preocupantes.

Pensamos que o máis significativo da visita do papa foron os encontros coas realidades marxinais acompañadas que foi visitando adrede en Madrid, Barcelona e Canarias. Todo o demais remitíase a iso. Se me axeonllo ante o Santísimo, pero non me axeonllo ante o pobre… As palabras do papa tiñan sempre un

fondo contido social, na liña no escrito en *Magnifica humanitas*. Contido social que, a máis doutras cousas importantes, tanto rexeitan os Lefevrianos, grupo disidente desde 1970, que se volve a converter en cismático o día 4 de xullo coa consagración ilícita de catro novos bispos, malia as advertencias do Vaticano. E, xaora, non é so o tema social o que os arreda da Igrexa, senón as liñas de forza básicas do Vaticano II que nunca aceptaron. E aínda pretenden impugnar o decreto vaticano que os declara cismáticos.

Pero a maiores dos *lefevrianos* móvense na Igrexa outros grupos de tendencias próximas, aínda que algúns non ousen romper coa Igrexa: os *sedevacantistas*, que declaran que desde Paulo VI todos os papas foron ilexítimos e polo tanto estamos en réxime de «sede vacante». Grupos resistentes dentro da Igrexa, clero e leigos, sen romper formalmente, pero que na práctica rexeitan contidos fundamentais do Concilio Vaticano II. Comunidades tradicionalistas, que volven a unha liturxia e espiritualidade tradicional, renovada a fondo nese mesmo concilio. Movementos intregristas laicais asociados, que se manifestan en diversas redes de comunicación. Ou a HAM (*Hijas del Amor Misericordioso*), con Marimí como líder, Asociación Pública de Fieis, que vén de ser definitivamente suprimida como tal, despois de pasaren das serias esixencias comunicadas desde Roma a través do cardeal Cobo de Madrid, para modificaren a fondo as formas e fondo da súa vida comunitaria. E xente tan chufada do Camiño Neocatecumenal está recibindo serias advertencias sobre a súa mesma lexitimidade como grupo eclesial, e tamén sobre o seu funcionamento interno, onde igualmente asoman feitos claros de abusos de poder e de pouco respecto polos seus mesmos compoñentes.

E a isto debemos sumar tamén un número inxente de persoas bautizadas que, aínda que se digan católicas, non participan no culto, na vida eclesial, e tampouco nas prácticas sociais que se derivarían dunha acollida veraz da palabra e dos feitos de Xesús Cristo.

Significativa é tamén a postura de grupos políticos de «extrema

dereita» que proclaman a súa pertenza a unha cultura cristiá (para eles ameazada pola «invasión» musulmá), que despois non seguen a Xesús en cousas elementais da súa concepción e práctica relixiosa: a atención ao marxinal económico, moral, social. E un non sabe se baila a rumba o CEU (Centro de Estudos Universitarios) dándolle a medalla de honor da institución ao presidente Milei, que defende, disque, un capitalismo xudeocristián. Capitalismo evanxélico?

E ante todo isto está por un lado a fraxilidade de moitas das nosas comunidades parroquiais, tantas veces anotada e mesmo chorada; polo outro o esforzo serio en moitos casos doutras comunidades parroquiais, dioceses e grupos eclesiais. Subliño con pracer o bo funcionamento das diferentes delegacións interdiocesanas en Galicia, máis ca semente xa dun funcionamento pastoral con sentido de pertenza e praxe particular, que non illada, da Igrexa en Galicia; e tamén, claro, o grupo *Encrucillada*, a nosa Escola de Espiritualidade, *Irimia*, entre outras realidades positivas, que loitan polos trazos dunha sa identidade cristiá; sen deixar de nomear tamén eses novos movementos eclesiais, máis ben urbanos, que empregan a música, a palabra cantada como unha peza fundamental para transmitir e suscitar sentimentos, para cambiar vidas, igual –iso si– cunha ollada máis posta no pasado ca no futuro. O tempo dirá, Deus dirá!

5.- Consistorio papal con cardeais en Roma

Parece que non hai dúbidas de que o modelo de consistorio do papa con todos os cardeais do mundo vai ser o modelo escollido por León XIV para recibir a axuda necesaria para a súa encomenda eclesial. Posiblemente se normalice a práctica dun consistorio ao ano, aínda que neste ano xa van dous.

O segundo celebrouse en Roma os días 26 e 27 de xuño. Foron 178 os cardeais asistentes. Do breve discurso do papa abrindo as sesións de traballo escollemos tres parágrafos, que nos dan o sentido e a finalidade deste consistorio. Non precisan comentario algún:

Petición de axuda: «Por iso

desexo pedirlles unha axuda particular. O ministerio que o Señor me confiou non se pode vivir en soidade. Necesita da súa experiencia, da súa sabedoría pastoral do seu coñecemento das Igrexas e dos pobos que lles foron confiados. Conto con vostedes para que me axuden a discernir o que o Espírito lle di hoxe á Igrexa. Cómpreme o seu apoio: forte, explícito e público. Cómpreme sentirme sostido por vostedes como por irmáns». «Necesito a súa liberdade, a súa franqueza e a súa lealdade. Un consello sincero é sempre un acto de comuñón».

Temas a tratar nas catro sesións: «Todos os temas que afrontaremos –a ollada sobre o mundo, a paz, o ben común, a sinodalidade– converxen nunha única pregunta: Como podemos axudar hoxe ás nosas Igrexas para que anuncien o Evanxeo con maior fidelidade, liberdade e credibilidade».

Sentido do método da sinodalidade: «Ante as feridas do mundo, a construción do ben común e a misión da Igrexa, a sinodalidade indica un modo de proceder: escoitar, discernir e asumir xuntos a responsabilidade das decisións que o Señor nos confía. A sinodalidade non é sobre todo un conxunto de procedementos; como xa tiven ocasión de o dicir varias veces, a sinodalidade é unha actitude, unha apertura, unha dispoñibilidade para comprender. Ás veces ten sido interpretada coma unha diminución da autoridade. En realidade, axúdanos a comprender máis a fondo o significado da autoridade mesma, que existe para custodiar a comuñón, favorecer a participación e orientar o camiño».

Con este espírito, escoitada unha meditación bíblica do cardeal Ryś e despois dun momento longo de oración en silencio, abordáronse as catro sesións de traballo en formato sinodal (grupos de 10 por mesa). E foron compartindo, sempre co papa presente, as reflexións que ían facendo; subliñaron o sufrimento de moita xente, a polarización, as informacións falsas, a violencia, as guerras, o desprezo de minorías, abordar fenómenos migratorios de maneira humana e cristiá, a Igrexa como nai que acolle, a dignidade da persoa, a reconciliación, a paz… O papa pechou o acto cunha breve comunicación agradecida. Oxalá se cumpran as expectativas que moita xente na Igrexa, non toda, ten posta nesta dinámica de sinodalidade eclesial,

da que tanto podería aprender a nosa clase política, ben insociable e montaraz.

6.- Si ou non predicación de leigos e leigas

En xuño, uns días antes de que tivese lugar o Consistorio anterior, o Dicasterio para o Culto Divino e a Disciplina dos Sacramentos publicou a prohibición de que leigos/leigas puidesen predicar durante a celebración eucarística, cousa que en casos se viña facendo sen maior transcendencia, como non fose ofrecer un servizo necesario á comunidade. O argumento é que a predicación pertence aos ministros ordenados (C.D.C. 767), que actúan na celebración *in persona Christi capitis* (en representación de Cristo cabeza). O acto litúrxico presídeo o cura e é el, unicamente el, quen pode dicir a homilía.

Custa entender esta acaparación da presenza de Cristo por parte dunha parte mínima da comunidade. A comunidade, logo, a que nivel actúa na celebración? Desvencellada de Cristo? San Paulo, falando do símbolo corpo-cabeza, diríanos –deixando a un lado o seu dito para nós hoxe machista de que o home é a cabeza da muller (cf, 1Cor 11, 3)– que todos nós somos o corpo e só un, Cristo, é a cabeza da Igrexa, de todos (cf. Col 1, 18).

Polo demais, non está Cristo todo en todos en todo lugar e momento? Que textos do Evanxeo avalarían estes distingos? Non estamos máis ben ante un exemplo de clericalización? Que mal lle fai á asemblea que, chegado o caso, no canto do cura un segrar, home ou muller, poida dirixir unhas palabras de fe e de ánimo á comunidade? Non sería incluso unha posibilidade de variedade e de enriquecemento? Non pasa con frecuencia que as palabras do oficiante –por canseira, por andar no seu mundo, polo que sexa– soan a rutina, non están conectadas co día a dia da xente, deixan fríos os corazóns?

Loxicamente falamos de que os segrares que poidan predicar teñan a debida formación para saber o que din e para dicilo de xeito que motive a audiencia, e que todo se faga con orde.

Cremos que para o mantemento das nosas comunidades por desgraza temos proble-

mas moito máis serios que as palabras dun segrar, home ou muller, animándonos á vida cristiá na misa.

7.- Tres bispos exemplares

Entre os bispos, como entre os cregos, como entre os/as segrares, ás veces hai persoas pouco exemplares. Hoxe queremos subliñar con poucas palabras, pero con moito corazón, o nome e a vida de tres bispos, dous recentes, un máis antigo, que lle deron vida e prestixio ás comunidades que serviron, á Igrexa no seu conxunto.

O primeiro é un bispo mártir, Osório Citola, mozambicano, de 54 anos, asasinado a tiros o 6 de xuño pasado. No fondo unha abundante corrupción no exercicio de poder, ante a que o noso mártir reaccionaba orientando desde a verdade, comprometéndose co pobo que sufría tanta desfeita. Descanse en paz. E que o sangue do mártir sexa semente de persoas ben apegadas á verdade, á xustiza.

O segundo é un bispo español e misioneiro comboniano, Juan José Aguirre, que desde o ano 2000 servía o bispado de Bangassou na República Centroafricana, e que aos 72 anos houbo de lle pedir ao papa que lle aceptase a renuncia por mor dunha enfermidade cardíaca grave. O 24 de xuño chegoulle a aceptación. Deixou o bispado, pero non África, onde leva máis de 40 anos. Un home, un bispo dunha fonda implicación crente na vida real, cotiá das súas comunidades, coas que seguirá colaborando agora na súa nova residencia en Bangui, capital do país. Del son estas palabras impactantes nunha recente entrevista: «As veces que volvo a España ulo decadencia», decadencia para el similar á da caída do Imperio Romano nos séculos III-V. Pobres de nós! Algo haberá que aprender.

E o terceiro bispo é unha boa presa de anos máis antigo. Trátase de Rosendo Salvado, nacido en Tui en 1814 e que en 1828 ingresa de postulante no mosteiro bieito de San Martiño Pinario. A desamortización de Mendizábal en 1835 obrígao á exclaustración e xunto con Xosé Serra, condiscípulo del, deciden en 1838 dirixirse ata a abadía napolitana de Cava de Tirreni, coa intención, iso si, de ir a misións, alá onde os mande a

vaticana Congregación de Propaganda Fide que está enviando misioneiros a moitas partes do mundo. Australia será o seu destino.

Este dato xeral da súa vida é máis ou menos coñecido. Pero paga a pena ler o relato fiel sobre esta aventura misioneira dun galego (Rosendo) e un catalán (Xosé), escrito con precisión de datos por Valentín Carrera no seu libro *El mundo desde abajo. La odisea australiana de Rosendo Salvado* Folch & Folch 2026.

As claves da traxectoria misioneira de Rosendo Salvado foron tres sobre todo: mergullarse a fondo coas persoas e formas de vivir das poboacións «salvaxes», capacidade de se sobrepoñer a un gran número de calamidades de todo tipo, e a inimaxinable habilidade para adaptarse a calquera forma de traballo, segundo o que a vida ía demandando: desde organista, labrego, construtor, cociñeiro, botánico… Ao final fundan en 1847 a abadía de New Norcia (Nursia), lugar do que é ordenado bispo en 1864 nunha das súas viaxes a Europa; a última sería en 1882 durante a que visitará Galicia por segunda e última vez e tamén o mosteiro de Samos.

Non todo son glorias no visto e vivido por Rosendo Salvado. Chocou coa avaricia indescritible do bispo de Perth, Brady, que acabou sendo destituído. E xa durante a segunda metade do século XX a abadía de New Norcia sucumbiu a unha amarga experiencia de abusos sexuais. O visitante actual poderá ver a placa conmemorativa deste triste feito, no que se pide diaria e publicamente perdón.

E xa con esta Crónica rematada, sucedeu o de Ceuta: unha avalancha (70 mil?) de mocidade e menores marroquís que entran ilegalmente en Ceuta. O suceso soa a algo planificado por razóns e con finalidades supostas, pero non ben coñecidas, que teñen moito que ver co réxime ditatorial de Marrocos, coas súas pretensións sobre a soberanía de Ceuta e Melilla, e cos seus apoios internacionais (USA, Israel); o goberno español non soubo prever, e a cousa quedou en susto e en sinal de alerta. Iso si, con varios miles de inmigrantes dispersos por Ceuta adiante –dá a impre-

sión de que non sabemos que facer con eles– e sobre todo con 150 mozos e mozas mortas das que ninguén se responsabiliza, pero que deberían supoñer un axuizamento dos mandatarios marroquís; pero é o mesmo goberno español o que empeza por quitarlle responsabilidades! E uns dous mil menores que debemos atender en España por leis humanitarias que nos honran, para o que hai partidos que negan colaboración. Algo cheira mal, moi mal, en todo isto.

A implicación da Igrexa católica en Ceuta parece que foi exemplar. E por parte do episcopado español Fernando García Cadiñanos, bispo de Mondoñedo, como presidente da Subcomisión Episcopal para as Migracións e Mobilidade humana da CEE, no medio da barafunda que se armou, soubo axiña compartir un comunicado sensato, na liña da sensibilidade da maioría eclesial sobre este asunto.

Logo viría, iso si, a grosaría de Javier Aizpún, párroco de Duarte e cóengo da catedral de Pamplona, que na súa conta X pide oracións para que «a nosa Señora de África, patroa de Ceuta, impulse a reconquista de Marrocos e a súa conversión ao cristianismo». E, chegado o caso, «abrir fogo masivo contra os invasores de Ceuta e bombardear Rabat», pois tal farían os ingleses con nosoutros se ousamos invadir Xibraltar. A este tal señor –e con el a todos nós– ben lle viría dar un paseíño por Asís, para se enchoupar polas recentes (5 e 6 de agosto) palabras do papa nesa cidade, e pola figura e legado de san Francisco, que en tempos tamén belicosos, apostou cristiamente por outro aire para construír as relacións persoais e estatais co respecto e a paz.

E ata aquí a nosa Crónica deste trimestre, que xa soará a vella cando chegue ás mans de quen a lea. Espero, iso si, que lles leve algo de proveito. Feliz outono de froitos, feliz Romaxe 48, o 12 de setembro en Santa Mariña de Augas Santas, Allariz, felices magostos comunitarios! E xa sabedes, desarmar as palabras para poder ir desarmando despois todo o demais, que tanto, tanto nos cómpre.

Manuel Regal Ledo